

REGULAMENTO ELECTORAL

Aprobado pola Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia para o período 2014 – 2018

“En aplicación do disposto na lei 3/ 2012, do 02 de Abril, do Deporte de Galicia, e na Orde do 08 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e a realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, a Xunta de Galicia aprobou a seguinte normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno:

Asamblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Hockey, con representatividade durante o período 2014 a 2018”.



FEDERACION GALEGA DE HOCKEY





ELECCION DE MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL, PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA DÁ FEDERACIÓN GALEGA DE HOCKEY

CAPITULO I. Convocatoria

Artº 1.- Será realizada polo/a Presidente/a dá Federación Galega de Hockey en Asamblea Xeral que aprobará o Regulamento e o calendario electoral. Nese intre a Xunta Directiva disolverase e converterase en Xunta Xestora. Esta non poderá adoptar máis acordos que os de administración e trámite.

Artº 2.- A convocatoria de eleccións será notificada, cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, ésta deberá ser notificada as entidades deportivas integrantes da federación e a Secretaría Xeral para o Deporte.

A convocatoria de eleccións, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede da Federación, nas Delegacións territoriais, se asouberta, e na páxina web da federación, deberá conter cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e concretamente:

- a) Regulamento electoral.
- b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de realización dos actos propios do proceso electoral.
- c) Lugar de consulta dos censos electorais.
- d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
- e) Composición e sede da Xunta electoral da Federación.

CAPITULO 2. A Xunta Electoral

Artº 3.- Constituirase de forma simultánea a convocatoria de eleccións. Estará formada por tres membros titulares e tres suplentes. Actuarán como presidente e secretario os/as de maior e menor idade. As súas decisións serán tomadas por maioría de votos. No caso de empate o/a presidente terá voto de calidade.

Artº 4.- Para ser candidato á Xunta Electoral deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 18 anos
- b) Estar en posesión do bacharelato superior ou equivalente
- c) Non presentarse como candidato a membro da Asamblea Xeral
- d) No ter relación contractual ou profesional coa F.G.H.





- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria firme ou sanción administrativa firme en materia deportiva que comporte inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

Artº 5.- Na mesma asamblea Xeral procederáse á elección da Xunta Electoral por sorteo entre aquelas persoas que manifesten a intención de presentarse como candidatos. A elección realizarase por sorteo. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asamblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán asimismo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.

Artº 6.- “O coñecemento de tódolos recursos que se podan formular na materia electoral corresponderá a xunta electoral, sendo todas as súas resolucións recorribles ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. Están lexitimados para interpoñer recursos os representantes das candidaturas ou as persoas e entidades debidamente afectadas polos acordos da xunta electoral.

Os recursos ante a xunta electoral serán presentados, persoalmente ou por calquera medio que acredite fehacientemente en dereito a presentación do escrito (burofax, correo certificado, telegrama...) na sede central federativa mediante escrito dirixido ao presidente da xunta electoral. Os prazos para a presentación dos recursos así como os de resolución por parte da xunta electoral serán de dous días hábiles, salvo nos casos nos que no presente regulamento ou na Orde de 8 de setembro de 2010 se establezan outros distintos.


Artº 7.- A asistencia á Xunta Electoral é obligatoria, no caso de ausencia por enfermidade ou forza maior dalgún dos membros titulares será substituídos polos suplentes.

MEMBROS TITULARES	MEMBROS SUPLENTES
1º Ana Belén Taboada Rodríguez	1º María Jesús
2º Antonio Uruburu Ventura	2º Manuela Vaquero Lorenzo
3º María del Carmen Blanco Blanco	3º Abel Ferreiro Pérez

Artº 8.- Serán función da Xunta Electoral:

- a) Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- b) Organizar os procesos das eleccións para a Asamblea Xeral e Presidente da Federación, segundo o disposto no regulamento electoral.
- c) Designar a mesa electoral de conformidade co previsto no regulamento electoral.





- d) Expor as candidaturas na sede da Federación e nas Delegacións provinciais. Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos exixidos, así como o resto da documentación electoral.
- e) Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos según se establezca no regulamento electoral.
- f) Atender e resolver calquera reclamación que se produza sobre os censos, admisión e proclamación de candidatos. Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten. Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- g) Atender e resolver calquera reclamación que se produza polas actuacións das Mesas Electorais e designación dos/as seus/súas componentes.
- h) Proclamación dos/as candidatos/as electos e atender e resolver impugnacións se as houbera.
- i) Calquera outra que afecte directamente á celebración das eleccións.


Artº 9.- Das reunións da Xunta Electoral o/a Secretario/a levantará acta.

Artº 10.- Os/as membros recibirán como indemnizacións as correspondentes ás ~~kilómetros para poder desprazarse á reunión: 0,19 €/Km. Máis días de 20 € no caso de xornada completa.~~

Artº 11.- Recursos:

- a) Os acordos da Xunta Electoral serán recurribles ante o Comité galego de Xustiza Deportiva, no prazo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte ó de comunicación da resolución impugnada, ou se for o caso, dende o momento en que se produza a desestimación tácita da reclamación electoral presentada.
- b) Están legitimadas para interpor os recursos quen fose parte na impugnación ante a Xunta Electoral federativa ou as persoas interesadas directamente polo seu acordó ou resolución.
- c) Os prazos están marcados no calendario electoral.
- d) O escrito debe expresar:
 - i. Nome, DNI, domicilio da persoa física ou da entidade, incluíndoneste último caso o nome, DNI e enderezo do seu representante legal
 - ii. Lexitimidade para interpor o recurso
 - iii. O acto que se recorre e o motivo do recurso.





- iv. As consideracións de feito e de dereito na que se basean, así como as propostas de proba que se ofrezcan.
- v. As pretensións que se deduzcan de tales consideracións.
- vi. Lugar, data e sinatura.

Artº 12.-Disolverase una vez rematadas as eleccións.

CAPITULO 3. Circunscricións Electorais.

Art º 13.-Na elección a membro da Asamblea da Federación Galega de Hockey a circunscrición electoral será única para todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega.

CAPITULO 4. Asamblea Xeral

Artº 14.1- A Asamblea Xeral estará composta por 20 membros, distribuídos nos seguintes estamentos na proporción seguinte:

Entidades Deportivas (Clubes).....	14 (70%)
Deportistas.....	04 (20%)
Entrenadores.....	01 (5%)
Árbitros e Delegados Técnicos.....	01 (5%)

A representación das entidades deportivas corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fehacientemente mediante certificación da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, en que figuren expresamente os representantes legais da entidade.

Non cabe representación das persoas físicas.

Ningún membro da asamblea poderá desempeñar una dobre representación nesta.

CAPÍTULO 5. Censos Electorais

Artº 15.- Poderán ser electores e elixibles nas eleccións a membros da Asamblea Xeral:





ENTIDADES DEPORTIVAS

- a) Aquelas que figuren inscritos no rexistro de F.G. de Hockey no ano da convocatoria de eleccións, e que figuren inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- b) Que teñan participado alomenos en catro competicións, entre o ano da convocatoria de eleccións e os dous inmediatamente anteriores, e necesariamente unha delas no ano da convocatoria de eleccións.
- c) Non serán elixibles aquelas entidades deportivas
- d) que formen parte da asamblea na súa condición de membros natos.

DEPORTISTAS

- a) Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.
- b) Ter licenza federativa en vigor expedida pola Federación Galega de Hockey, e dende a tempada inmediatamente anterior a data da convocatoria de eleccións.
- c) Ter participado alomenos nunha competición da tempada deportiva anterior a data da convocatoria de eleccións.
- d) Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, dictada ben pola F.G. de Hockey, a R.F.E.H. ou o Comité de Xustiza Deportiva.


ENTRENADORES

- a) Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.
- b) Ter licencia federativa en vigor expedida pola Federación Galega de Hockey, e dende a tempada inmediatamente anterior a data da convocatoria de eleccións.
- c) Ter participado alomenos nunha competición na tempada deportiva anterior a data da convocatoria de eleccións.
- d) Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, dictada ben pola F.G. de Hockey, a R.F.E.H. ou o Comité de Xustiza Deportiva.

ARBITROS E DELEGADOS TECNICOS

- a) Ser maior de idade na data da convocatoria das eleccións.
- b) Ter licencia federativa en vigor expedida pola Federación Galega de Hockey, e dende a tempada inmediatamente anterior a data da convocatoria de eleccións.
- c) Ter participado alomenos nunha competición na tempada deportiva anterior a data da convocatoria de eleccións.
- d) Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, dictada ben pola F.G. de Hockey, a R.F.E.H. ou o Comité de Xustiza Deportiva.





A os efectos no previsto neste artigo e referido a tódolos estamentos, entenderase por competicións oficiais, as que figuren no calendario deportivo aprobado pola Asamblea Xeral da Federación Galega de Hockey, e sendo derradeira competición oficial aquela que escomenzase e rematase definitivamente antes da apertura do proceso electoral.

Os representantes de cada estamento serán elixidos por e entre os membros de cada un deles.

O presidente da federación desempeñará a presidencia da asamblea xeral.

Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto, por e entre os componentes de cada estamento de conformidade co número e proporcións de representación que se establecen no presente regulamento.

No estamento de asociación deportivas haberá membros natos e membros electos.

Non obstante, no caso de que nalgún estamento da asamblea houberse máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de tres meses, o presidente convocará á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria afecte os xa elixidos.

14.2.-Membros Natos.

Serán membros natos, unicamente para o estamento de entidades deportivas, polo tanto sen necesidade de someterse a votación, aqueles dous que contén cun maior número de licenzas, así como outros dous que teñan participado no maior número de competicións.


Nos casos de empate nalgunha das categorías anteriores, será membro nato aquel club que conte con máis méritos da outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para a asociación deportiva con mais antigüidade na súa afiliación á federación galega.

Estes datos refírense a tempada inmediatamente anterior ao da convocatoria de eleccións.

No caso de que una asociación deportiva teña méritos para obter representación na asamblea por ambas categorías, a representación resultante será cuberta polas entidades deportivas candidatas á asamblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de asociación deportivas.

As entidades deportivas deberán estar incluídas no Censo Electoral definitivo. Aquelas entidades deportivas que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a Xunta Electoral, no prazo de 2 días hábiles dende a data de publicación do





censo definitivo. A Xunta Electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na súa páxina web.

NÚMERO DE LICENZAS	NÚMERO DE COMPETICIÓNS
Santiago Apostol	Albor H.C.
Ourense H.C.	Barrocás

Artº 16.- Serán elixibles a membros da Asamblea Xeral:

- Aqueles que cumpran as condicións establecidas para ser electores.
- Non estar inmerso en sanción federativa que o impida, dictada ben pola Federación Galega de Hockey, a R.F.E.H., ou o Comité Galego de Xustiza deportiva.
- Reunir os requisitos propios de cada estamento.
- No caso de poder participar por varios estamentos elixirase un deles.
- No caso de non se efectuar a opción anterior presentarase polo estamento mais numeroso.


Aqueles membros da Federación que pertencen a dous ou mais estamentos deberán optar por un deles ante a Xunta Electoral, mediante escrito que deberá de cursarse no periodo de reclamación ó censo, especificando claramente o estamento o cal queiran representar. No caso de non optar, quedarán no censo da seguinte maneira:


- No de Deportistas, se posúen tamén licenza de adestradores e árbitros..
- No de Adestradores si posúen tamén licenza de árbitros..

A Xunta Electoral da Federación Galega de Hockey introducirá as correccións no Censo Electoral que se teñan que efectuar como consecuencia do exposto no apartado anterior, procedendo á súa publicación e notificación. No caso de que un membro da Asamblea Xeral perda a condición para a que foi elixido será substituído polo seguinte en número de votos nas eleccións do estamento o que presenta o membro saínte.

Artículo 17. El censo electoral correspondiente a cada un dos estamentos publicárase xunto coa convocatoria de eleccións. A exposición pública do mesmo deberá facerse na sede da FG Hockey e no lugar onde se instale a mesa electoral así como publicarse na páxina web da federación por un prazo de dez días hábiles dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se consideren oportunas ante a xunta electoral.

Artículo 18: O censo será considerado definitivo si non se presentan reclamacións dentro do prazo establecido no artigo anterior ou de presentarse sexan resoltas pola xunta electoral, que as resolverá nun prazo de cinco días hábiles, ou no seu caso polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. A xunta electoral comunicará as súas resolucións





aos interesados e publicarase o censo definitivo nos mesmos lugares que se indican no artigo anterior.

*Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección prevista na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal. En todo caso, o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio por parte dos electores do seu dereito de sufraxio e estará prohibida a súa cesión ou utilización para una finalidade distinta a aquela. Non obstante co fin de facilitar a participación e integración na actividade deportiva das federacións deportivas, os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que componen o seu estamento e, no seu caso dos candidatos á presidencia, das persoas que conforman a asemblea, de conformidade co disposto no artigo 58.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia.

CAPITULO 6. Presentación e Proclamación de Candidatos.

Art.º 19.- A solicitude para participar como candidato/a deberá presentarse nun escrito dirixido a Xunta Electoral, un prazo de tres días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.

No escrito deberá constar:

- a) Nome, apelidos, DNI e domicilio.
- b) Sector ou estamento polo que participa.

Art.º 20.- A Xunta Electoral, no prazo fixado no calendario procederá á proclamación provisional de candidatos/as, facendoa pública na páxina web da federación.

Contra esta proclamación poderase impor as reclamacións que se estimen, no prazo de dous días hábiles, que serán resoltas pola Xunta Electoral, tamen no prazo de dous días hábiles.


Art.º 21.- Rematado o prazo de reclamación e resoltas as mesmas, a Xunta Electoral procederá á proclamación definitiva de candidatos/as, nos mesmos sitios onde se publicaron os distintos censos electorais.

CAPITULO 7. As Mesas Electorais.

Art.º 22.- Constituirase unha única mesa electoral para toda Galicia na sede da F.G. de Hockey en Ourense, o día 13 de Novembro do 2014 ás 08:00 horas procedéndose ó sorteo para a constitución da mesma.

O periodo de votacións comenzará as 09:00 horas, finalizando as 14:00 horas do propio día 13 de Novembro do 2014.





Artº 23.- Constituirase una única mesa electoral para a elección dos membros da assemblea, que estará ubicada no lugar que se determine no regulamento electoral, que será a sede da F.G. de Hockey.

A mesa electoral estará composta por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vocal), e tres suplentes destes, elexidos por sorteo pola Xunta Electoral entre os integrantes do censo definitivo, conforme o disposto no regulamento electoral. Serán Presidente e Secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral. A non asistencia a estas poderá dar lugar á apertura de expediente disciplinario de conformidade co establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

A mesa electoral estará composta por un membro de cada un dos sectores dos que se celebran eleccións, é dicir, deportistas, adestradores e árbitros designados en sorteo público pola xunta electoral, entre os que figuren no censo electoral; excluídos/as os/as candidatos/as os/as membros da Xunta Electoral, titulares e suplentes; presididos polo/a de maior idade. Cada membro da mesa terá nomeado/a un/una suplente. Será comunicado o seu nomeamento, sendo obrigatorio á cargo. As causas que justifiquen a súa ausencia serán consideradas pola Xunta Electoral.

Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da assemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán función de presidente e secretario da assemblea.

Artº 24.- Serán función da mesa electoral:

- a) Comprobar a identidade dos votantes/as.
- b) Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada para os efectos.
- c) Proceder á contaxe dos votos.
- d) Levantar acta dos votos emitidos, resultados, etc. Así como das incidencias e reclamacións se as houbera, constando o número de votos obtidos por cada candidato/a.

Artº 25.- Os/as candidatos/as poderán proponer á Xunta Electoral o nomeamento de interventores/as entre os que teñan condicións de electores, agás os/as componentes das mesas electorais. Estes/as interventores/as serán identificados ante a Xunta Electoral con antelación non inferior a 48 horas da celebración das votacións. A Xunta Electoral expendirá a correspondiente acreditación.

Artº 26.- O día das eleccións a mesa constituirase á hora fixada na convocatoria das eleccións, coa presenza dos membros titulares e suplentes. No caso de que non houbera un número suficiente, este feito será comunicado á Xunta Electoral, que procederá a un





novo nomeamento dos/as membros necesarios para un correcto funcionamento da mesma.

Artº 27.- A mesa Electoral estará aberta durante o horario fixado na convocatoria. Na hora de constitución o/a presidente/a extenderá a Acta de Constitución, asinando por el/a mesmo/a, o/a vocal e os e os/as interventores/as. A acta incluírá o nome de tódolos/as indicando a que candidatura representan.

Artº 28.- cada integrante da mesa electoral percibirá quilometraxe a 0,19 €/Km., e media dieta de 20e

Artº 29.- En cada mesa existirá una urna para cada estamento a elixir.

CAPITULO 8. Papeletas

Artº 30.- As papeletas serán impresas, figurando en papeletas distintas os/as candidatos/as de cada estamento.

CAPITULO 9. Votación


Artº 31.- O voto efectuarase en papeleta oficial, debendo marcar en cada papeleta o/os nomes da súa preferencia. Cada elector/a poderá marcar en cada papeleta un número de candidatos/as igual ós postos a elixir no seu estamento, podendo, nembargantes, marcar un número inferior.

Artº 32.- O dereito o voto e persoal e intransferible, e acredítase pola inscrición no censo electoral. O/a elector/a identificarase polo DNI ou pasaporte, ou tarxeta de residencia, ou permiso de condución con fotografía do titular, e documento acreditativo de ter licenza federativa en vigor. No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme aos estatutos lle corresponda, que se deberá acreditar fidedignamente mediante certificación da inscrición do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia en que figuren expresamente os representantes legais da entidade.

Os/as membros da mesa electoral votarán en último lugar.

Artº 33.- No local da mesa electoral existirán un número suficiente de papeletas. O Presidente da Mesa será a autoridade máxima no Colexio electoral e deberá cuidar polo correcto funcionamento do mesmo.





Artº 34.- Admítese o voto por correo, pero en situación moi particulares que se citan:


- a) Soamente se admite nas votacións daqueles estamentos integrados por persoas físicas.
- b) O voto por correo exercerase só cando os/as electores/as provean que na data das eleccións non poderán acudir persoalmente á mesa electoral, por participar nunha competición oficial, por cumpriren un deber público de carácter inexcusable ou por enfermidade. Isto deberá de acreditarse por escrito.
- c) Os documentos serán: certificados médicos no caso de enfermidade, certificado expedido pola federación no caso de competición oficial, e certificado expedido polo organismo correspondente no caso dun deber público inexcusable.
- d) Este dereito deberá solicitarse previamente á Xunta Electoral no tempo que vai dende a convocatoria das eleccións ata 2 días hábiles despois da publicación do censo definitivo. Esta solicitude deberá facerse persoalmente, mediante correo certificado, burofax, ou por calquera outro medio válidamente admitido en dereito que deixe constancia da solicitude. Unha vez recibida pola Xunta Electoral, comprobará a inscrición no censo e a validez dos documentos presentados, resolvendo en consecuencia. No caso afirmativo realizará una anotación no censo para que non se poida realizar o voto presencial o día das eleccións e autorizará, mediante certificado, o voto por correo.

O certificado a que se refire o parágrafo anterior deberá reflectir o nome do elector, o estamento polo cal se solicita o exercicio do voto, así como un espazo en branco que deberá ser asinado polo elector previamente ao envío á Secretaría Xeral para o Deporte.

- e) Publicada a lista definitiva de candidatos/as, enviaráselle ó solicitante a certificación correspondente por correo certificado urxente e con acuse de recibo (dentro dos 2 días hábiles seguintes á proclamación definitiva dos candidatos), o sobre da votación e una papeleta que corresponda co seu estamento e que deberá levar a relación definitiva das candidaturas ordenadas alfabeticamente. A Xunta Electoral fará chegar, con 48 horas de antelación á celebración das eleccións, á Secretaría xeral para o Deporte, a lista indicativa das persoas habilitadas para votar por correo, indicando o nome e o estamento que representan, e publicarase ademais na páxina web da F.G. de Hockey.

O elector introducirá a papeleta de voto no sobre da votación e pechará. Incluirá este sobre de votación, xunto ao certificado emitido pola Xunta Electoral no que se autoriza o voto por correo, asinado polo emisor do voto e a copia do DNI, nun sobre de maior tamaño que os anteriores que remitirá a Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo certificado urxente, consignándose no anverso e reverso do mesmo os seguintes datos:





Anverso:

Secretaría Xeral para o Deporte

Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 4

15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Eleccións á Asamblea Xeral da Federación Galega de Hockey.

Reverso:

Nome e apelidos do remitente

Estamento de (consignarase o correspondente)

Modalidade ou especialidade de (a correspondente no seu caso)

A presentación dos votos nas Oficinas de Correos deberá realizarse con seis días hábiles de antelación á data de celebración das eleccións, mediante envío por correo certificado urxente e non serán admitidos os sobres depositados con data posterior. A Secretaría Xeral para o Deporte custodiará os votos emitidos, que serán postos a disposición da mesa electoral o día da votación, xunto cunha relación nominal dos mesmos, a fin de que, con posterioridade ao peche da votación presencial os membros da Mesa Electoral poidan abrilo e, tras comprobar a súa regularidade, depositar cada voto na urna correspondente para incorporalo ao escrutinio.

Prevalecerá o voto persoal sobre o voto emitido por correo no caso de concorrencia de ambos.

CAPITULO 10. Votacións

Artº 35.- Cegada a hora para o peche da mesa electoral, ou votando todo o censo, o Presidente/a declarará finalizada a votación, permitindo o voto daquelas persoas que se atopen no local, e comenará o escrutinio.

Do acto levantarase acta por triplicado, detallando os votos válidos, votos en branco e votos nulos, deixando constancia dos votos obtidos por cada candidato/a. Serán independentes por estamento.

Artº 36.- Será nula calquera papeleta con emendas, tachaduras, engadidos ou supresións, ou que o número de candidatos/as sinalados sexa superior os elixibles.

Artº 37.- A Acta será asinada polo Presidente/a, Secretario/a, Vocal e Interventores/as e un exemplar será exposto no local onde se desenvolveu a votación, e na páxina web da F G de Hockey.

Artº 38.- Rematado o escrutinio, o Presidente remitirá á Xunta Electoral, antes das 14 horas do día seguinte, a acta duplicada do escrutinio coas papeletas das que poidan existir alegacións.





CAPITULO 11. Proclamación de Candidatos Electos.

Artº 39.- A Xunta Electoral, recibidas as actas, resolverá as alegacións realizadas polos/as interventores/as e publicará a relación dos/as candidatos/as electos/as, así como os votos obtidos polo resto dos/as candidatos/as, abríndose un periodo, sinalado no calendario, para impugnacións.

Artº 40.- Os empates entre candidatos resolveranse sendo elixido o de maior idade.

Artº 41.- Rematado o periodo de impugnacións e resoltas estas, a Xunta Electoral proclamará definitivamente os/as candidatos/as que resultaran elixidos/as para membros da Asamblea Xeral da Federación Galega de Deportes Hockey. O/a Presidente da Xunta Electoral levantará a correspondente acta que enviará, nas seguintes 48 horas, á Secretaría Xeral para o Deporte.

Artº 42.- Contra a resolución da Xunta Electoral, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

CAPITULO 12. Proceso de elección de Presidente/a e da Comisión Delegada

Artº 43.- Poderán ser Candidatos/as a Presidencia da Federación Galega de Hockey todas aquelas persoas físicas que cumpran as seguinte condición:

Ter condición política de galego, ser maior de idade con plenos dereitos civís, non incorrer en ningunha sanción deportiva que o inhabilite e non estar inhabilitado por sentenza judicial firme para o desempeño de cargo público.



Gozarán da condición política de galegos os cidadáns españois que, dacordo cas leis xerais do Estado, teñan a vecindade administrativa en calquera dos municipios de Galicia.

Artº 44.- A presentación de candidaturas farase na sede oficial da FG de Hockey mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, nun prazo de tres días hábiles.

Artº 45.- Rematado o prazo, a Xunta Electoral exporá a listaxe provisional de candidatos, garantindo o acceso á mesma a todos/as membros da Asamblea Xeral, podendo presentarse impugnacións no prazo de dous días hábiles, que deberán ser resoltas pola propia Xunta Electoral no prazo de dous días.

A Xunta Electoral publicará as listas definitivas no seguinte día hábil á resolución das impugnacións.





Artº 46.- No día e hora fixados na convocatoria correspondente, constituirase a Asemblea Xeral en primeira convocatoria ou segunda convocatoria tendo como únicos puntos da orde do día a elección a Presidente e a membros da Comisión Delegada. O presidente da federación será elixido mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto polos membros da asemblea xeral presentes no momento da elección.

1. Na votación á elección de presidente non se admitirá o voto por correo nin a delegación de voto. A presentación das asociación deportivas realizarase conforme o establecido no artigo 15 do presente regulamento, non admitíndose que una persoa ostente a representación de mais dunha asociación deportiva.
2. Comenzada a sesión e constituída a mesa electoral, o presidente presentará os candidatos, iniciando, de seguido, o procedo de votación, que será secreta.
3. A Xunta Electoral determinará o modelo de papeleta. Cada membro da Asemblea só poderá votar a un candidato.
4. O proceso de votación está formado por un máximo de tres votacións.
 - a. Na primeira votación son elixibles todos os candidatos da listaxe definitiva. Aqueles que obteñan un mínimo do 10% dos votos dos membros presentes, pasarán a seguinte votación. No suposto en que ningún candidato acadese o 10% dos votos, pasarán a seguinte votación aqueles dous candidatos que contan con maior número de votos. Se acadárese por algún candidato a maioría absoluta dos votos, nesa primeira votación, será proclamado Presidente.
 - b. Na segunda votación soamente serán elixibles aqueles que, como xa está exposto e coas excepcións contempladas, obtiveran alomenos o 10% dos votos dos membros presentes. Será elixido presidente o candidato que nesta fase obteña a maioría dos votos.
 - c. No caso de que na votación anterior ningún candidato obteña a maioría absoluta, procederase a una nova votación entre os dous máis votados, no prazo de media hora dende a anterior votación, resultando elixido o que obteña maioría de votos.
5. Terminada cada una das votacións realizadas, a mesa electoral procederá a contaxe dos votos e levantará a oportuna acta.
6. No caso de existir soamente dous candidatos, resultará elixido o que obteña a maioría simple dos votos. No caso de empate resultará elixido aquel que resulta elixido por sorteo entre os dous candidatos.
7. No caso de que se presentase un só candidato, non se efectuará votación
8. Se non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas, a comisión xestora administrará a federación e convocará e realizará novas eleccións a presidente no prazo máximo de 3 meses.

Artº 47.- A persoa que resulte elixida como Presidente/a deberá cesar de todas as actividades técnicas ou deportivas no ámbito da comunidade autónoma.





Artº 48.- Elección Presidente/a:

- a) Unha vez proclamado definitivamente o novo presidente, a comisión xestora deberá poñer a disposición deste no prazo máximo de 5 días hábiles, contados dende a proclamación definitiva, toda a documentación relativa á federación, levantando acta da documentación entregada e remitíndolle copia desta á Secretaría Xeral para o Deporte.
- b) Tras a súa proclamación o presidente designará os demais órganos e comités de acordo cos estatutos da federación, debendo comunicarlle a súa composición á Secretaría Xeral para o Deporte no prazo máximo de 10 días hábiles, dende o seu nomeamento.

Artº 49.- Elección da Comisión Delegada:

- a) Será elixida pola Asamblea Xeral mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto. O seu mandato coincidirá có da Asamblea Xeral. Será presidida polo/a Presidente/a da FG de Hockey como membro nato dela.
- b) Serán elixidos/as cinco membros correspondéndose:
 1. Dous representantes de entidades deportivas
 2. Un representante dos deportistas
 3. Un representante de adestradores
 4. Un representante de árbitros.


CAPITULO 13. Calendario Electoral

Artº 50.- O Calendario Electoral, que será vinculante e terá en conta ó confeccionarse os fins de semana e festivos, será o establecido no anexo I deste regulamento.

Disposición Final.

En todo o non previsto neste regulamento, aplicaranse as disposicións da Lei do Deporte e demais disposicións concordantes, así como a Orde do 8 de setembro de 2010 pola que se establecen os criterios para a elaboración dos regulamentos e a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas.





CADRO I

COMPOSICIÓN DA ASAMBLEA XERAL DA F G DE HOCKEY

- 70% Representantes de Asociación Deportivas.....14 Representantes
- 20% Representantes Deportistas.....4 Representantes
- 5% Representantes de Adeptadores.....1 Representante
- 5% Representantes de Arbitros.....1 Representante

CADRO II

MESA ELECTORAL

OURENSE Federación Galega de Hockey

C/ Noriega Varela 12, baixo

32004 OURENSE

Tlf.:988 23 18 17/ Fax: 988249765


ELECCIÓN A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL
REPRESENTANTES DE ADESTRADORES/AS

Candidatos/as:

- XXXXXX
- XXXXXX
- XXXXXX
- XXXXXX
- XXXXXX

Marcar un máxima de 1 adestrador/a





**ELECCIÓN A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL
REPRESENTANTES DE ASOCIACIONES DEPORTIVAS**

Clubes:

<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX

Marcar un máximo de 1 Club

**ELECCIÓN A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL
REPRESENTANTES DE XOGADORES/AS**

Candidatos/as:

<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX

Marcar un máxima de 1 xogador/a



**ELECCIÓN A MEMBROS DA ASAMBLEA XERAL
REPRESENTANTES DE ARBITROS**

Candidatos/as:

<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX
<input type="checkbox"/>	XXXXXX

Marcar un máximo de 1 árbitro







ELECCIONS A MEMBROS DA ASEMBLEA XERAL, PRESIDENTE E MEMBROS DA COMISION DELEGADA DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACION GALEGA DE HOCKEY

CALENDARIO ELECTORAL

9 de agosto	-Aprobación do regulamento e calendario electoral -Elección membros da Xunta Electoral
22 de agosto	-Presentación do regulamento electoral
3 de setembro	-Fecha tope aprobación regulamento po la secretaria xeral para o Deporte ou devolución para enmenda de deficiencias por un prazo de dez días.
15 de setembro	-Fin do prazo de dez días para enmenda das deficiencias e presentación do regulamento para a súa ratificación definitiva.
26 de setembro	-Data límite para a aprobación do regulamento pola Secretaria Xeral para o Deporte.
29 de setembro	-Remisión convocatoria a Secretaria Xeral para o Deporte e as entidades deportivas.
4 de outubro	Convocatoria de eleccións: -Constitución da Xunta Electoral -Publicación do Censo provisional e Calendario Electoral -A Xunta Directiva da Federación Galega do Hockey, constituída en Comisión Xestora. -Inicio do prazo de reclamación ao Censo -Inicio do prazo de petición do exercicio de voto por correo.
16 de outubro	-Finalización do prazo de reclamación ao Censo.
22 de outubro	-Prazo de resolución de reclamacións ao Censo. - Publicación censo definitivo. -Designación de Mesas Electorais. - Inicio do prazo de presentación de candidatos a membros da Asemblea Xeral
24 de outubro	-Fin do prazo de petición do exercicio de voto por correo
25 de outubro	- Finalización do prazo de presentación de candidatos a membros da Asemblea Xeral. -Proclamación provisional de candidatos a membros da Asemblea Xeral.
27 de outubro	-Inicio do prazo de reclamacións de candidatos a membros da Asemblea Xeral.
28 de outubro	-Finalización do prazo de reclamacións de candidatos a membros da Asemblea Xeral
29 e 30 de outubro	-Prazo de resolucións de reclamacións a membros da Asemblea Xeral. - Proclamación definitiva de candidatos a membros da Asemblea Xeral. (30 de outubro)
3 de novembro	-Fin do prazo para remitir os papeis de voto por correo.
6 de novembro	-Fin do prazo para depositar os votos en correos.





13 de novembro	-Elección dos membros da Asemblea Xeral.
14 de novembro	-Inicio do prazo de reclamacións da elección de membros da Asemblea Xeral
15 de novembro	-Finalización do prazo de reclamacións a elección de membros da Asemblea Xeral.
17 e 18 novembro	-Resolución de reclamacións a elección de membros da Asemblea Xeral. -Exposición da composición definitiva da Asemblea Xeral. (18 de novembro)
19 de novembro	-Inicio do prazo de presentación de candidatos a Presidente da Federación Galega de Hockey. -Inicio do prazo de presentación de candidatos a membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
21 de novembro	-Finalización do prazo de presentación de candidatos a Presidente, da Federación Galega de Hockey, e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral -Proclamación de candidatos a Presidente da Federación Galega de Hockey e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral, e exposición da listaxe provisional.
22 de novembro	-Inicio do prazo de reclamacións aos candidatos a Presidente da Federación Galega de Hockey e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
24 de novembro	-Fin do prazo de reclamacións aos candidatos a Presidente da Federación Galega de Hockey e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
25 e 26 novembro	-Prazo de resolución de reclamacións a candidatos a Presidente da Federación Galega de Hockey e Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
27 de novembro	-Proclamación e publicación da lista definitiva de candidatos a Presidente da Federación Galega de Hockey e da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.
5 de decembro	-CONSTITUCION DA ASEMBLEA XERAL. -ELECCION DO PRESIDENTE DA FEDERACION GALEGA DE HOCKEY -ELECCION MEMBROS DA COMISION DELEGADA DA ASEMBLEA.
8 de decembro	-Inicio prazo reclamacións a votación de Presidente e Comisión Delegada.
10 de decembro	-Fin prazo reclamacións a votación de Presidente e Comisión Delegada.
12 de decembro	-Fin do prazo de resolución das reclamacións a votación. -Proclamación definitiva de Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Hockey. -Disolución da Xunta Electoral.

FEDERACION GALLEGA DE HOCKEY
 CIF: V-32172058
 C/ Noriega Varela 12-bajo
 32004-OURENSE
 Tfno.- 988231817-Fax: 988249765
 E-Mail: dtecnica@fghockey.net

